



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de novembro de 2023 (1579/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e dez minutos do día vinte e catro de novembro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(964).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(965).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN VODEA PARA A COLABORACIÓN NOS EVENTOS RELACIONADOS COA CAMPAÑA DE NADAL 2023-2024. Expte. 9979/106.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 24/11/2023, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo enxeñeiro industrial (Resolución 22/09/2022) e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O artigo 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, 111 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) contempla que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común

O artigo 25.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e conforme, ao parágrafo segundo de dito artigo, o municipio exercerá competencias propias e, entre outras, en materia de promoción da cultura, da actividade turística de interese e ámbito local e ocupación do tempo libre.

A Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais do Concello de Vigo ten entre os seus principais obxectivos, a través do servizo de Festas Especiais, a programación de festas tradicionais e acontecementos que supoñan manifestacións de valores culturais, históricos, sociais e de tradición popular, con especial consideración das súas características etnolóxicas. Estes eventos revisten unha especial importancia como elementos socializadores e de atractivo turístico, fomentando a dinamización do comercio local e contribuíndo ao movemento económico e a difusión da marca de cidade de Vigo.

A Festividade de Nadal do municipio de Vigo é considerada un dos eventos máis importantes do ano ao xerar un importante atractivo turístico-comercial e de recoñecida tradición na cidade. A dinamización e ambientación das zonas comerciais nestas datas constitúen elementos clave que contribúen ao impulso da economía, xerando un atractivo que potencia indubidablemente o sector turístico e de ocio. Durante os últimos anos, o Nadal olívico estase a consolidar como unha festa de recoñecido prestixio nacional e internacional. A aposta do goberno local pola Campaña de Nadal e o seu posterior impacto nos medios de comunicación converteuse nun factor de atracción de visitantes inédito, incrementándose ano a ano o número de viaxeiros, como se pode constatar nos diferen-



Concello de Vigo

tes rexistros dos organismos oficiais. A creación dun espazo temático propio con iluminación, ornamentación, exposicións e actividades de ocio e comercialización constitúe un pilar fundamental do Nadal olívico, baseado na mestura de tradición, socialización e reactivación da economía local, que estende o seu impacto á área metropolitana da cidade e norte de Portugal.

O Plan de Autoprotección para Campaña do Nadal 2023-2024 prevé a intervención de persoal voluntario para facilitar o desenvolvemento deste. En anteriores edicións, o Departamento de Comercio estableceu unha colaboración co servizo de Protección Civil, pero este ano, por unha serie de cuestións organizativas, non é posible que ni os voluntarios de Protección Civil nin os da Oficina Municipal do Voluntariado cubran, co persoal dispoñible pola súa parte, a totalidade dos efectivos precisos para os eventos programados; polo que cómpre contactar con outra asociación con competencias similares.

Consultado o rexistro de entidades inscritas no rexistro autonómico de entidades de voluntariado galego da Xunta de Galicia e no rexistro municipal de asociacións, conséntase que a que mellor se adecúa ao programa de intervención comunitaria citado anteriormente sería a Asociación VODEA, toda vez que esta consta inscrita nos sectores de: entidades de Protección Civil, fomento da acción voluntaria e lecer e tempo libre (<https://voluntariadogalego.org/entidades>).

A Asociación VODEA rexistrada desde o 26 de novembro de 2018 no rexistro municipal de asociacións do Concello de Vigo (1349-18), no rexistro xeral da Xunta de Galicia (2018/022558) e rexistro de acción voluntaria da Xunta de Galicia (Ou-878) (expediente B6505A 2019/20-5) ten entre os seus fins, colaborar coas administracións públicas e privadas no ámbito das súas respectivas competencias para promover a participación dos cidadáns en actividades formativas, preventivas, divulgativas e participativas en materia de seguridade, prevención e defensa do medio ambiente coa finalidade de contribuír a protexer a vida das persoas, os bens e a nosa contorna natural e subscribir acordos de colaboración e participación con calquera entidade privada, Concellos, Deputacións, Comunidades ou calquera dos seus órganos administrativos, para o desenvolvemento de actividades de vixilancia, de seguridade e para a relación de toda clase de eventos ou actividades nas que a asociación, a través dos seus voluntarios, e empregando os seus medios ou os de terceiros, poidan prestar os servizos que se lle asignen.

Con este motivo o Concello e Asociación VODEA teñen interese en colaborar conxuntamente nos eventos relacionados coa Campaña do Nadal 2023-2024 e co fin de determinar o contido desta colaboración ambas partes, de común acordo, declaran a súa vontade de subscribir o presente convenio conforme o artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O convenio en si mesmo non comporta gasto. Non obstante en virtude da cláusula segunda o Concello asume o compromiso de efectuar unha achega económica **ata un máximo de 14.950 euros** con cargo a partida orzamentaria 4310 2279901 para afrontar os gastos concretos derivados de cada actuación en concepto de (dieta...)

A os efectos do presente convenio determínase como dieta a percibir por día de servizo e voluntario un importe de máximo de 36 euros. A xornada máxima diaria do voluntario terá o seguinte horario:

De 17:30 h a 22:00 h.

Os servizos demandaranse en función das necesidades deste centro xestor de Comercio.

O día do acto de acendido precisaranse un mínimo de **51 efectivos**. Nos restantes días incluídos no período de desenvolvemento da Campaña do Nadal establécese un mínimo de **12 efectivos**.

No expediente consta memoria xustificativa do convenio e proxecto borrador de convenio.

O órgano municipal competente para a aprobación do proxecto de convenio é a Alcaldía no exercicio da potestade residual prevista no artigo 124.4.ñ) da LBRL, non obstante a Resolución do alcalde de data 20/06/2023 delega nos concelleiros o impulso, execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos á axudas, subvencións e convenios relativos ao ámbito material da competencia delegada. Así mesmo, tamén delega na Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios con outras Administracións e entidades públicas e privadas ou adhesión aos mesmo agás que a súa aprobación corresponda ao Pleno.

De conformidade co anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do concelleiro-delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais por Decretos de delegación de Alcaldía adoptadas por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 19/06/2023, 20/06/2023, 28/06/2023 e 3/07/2023, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto do **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VODEA** (CIFIF G 27861061) a fin de establecer o marco de cooperación e colaboración no programa de intervención de voluntariado nos eventos relacionados coa Campaña do Nadal 2023-2024, que se transcribe como anexo a este acordo.

SEGUNDO.- Que se autorice un gasto por importe de 14.950 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Asociación VODEA. A achega dineraria realizarase, segundo necesidades do servizo, con cargo á aplicación presupuestaria 4310 2279901 (PROGRAMA DE DECORACIÓN Y ANIMACIÓN NADAL) do departamento de Comercio para o vixente exercicio.

TERCEIRO.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso e información pública e bo goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VODEA

Na Casa do Concello de Vigo, a

de dous mil vinte e tres

REUNIDOS

Dunha parte, D. Angel Rivas González, concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais do Concello de Vigo, CIF P3605700H, con enderezo na Praza do Rei, s/nº Vigo, en virtude das atribucións que lle confire o artigo co artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local e en virtude dos Decretos de Delegacións da Alcaldía-Presidencia de data 19/06/2023, 20/06/2023, 28/06/2023 e 3/07/2023 (BOP no 123 de data 27/06/2023), para a sinatura do presente convenio, en adiante **Concello**.

Doutra, D. Juan Manuel García Mallo, como presidente da Asociación VODEA, CIF G27861061, e enderezo social na Bolivia, 16, planta 3, porta A, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da documentación que figura no expediente 9979/106.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- O artigo 25.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e conforme o parágrafo segundo de dito artigo o municipio exercerá competencias propias e, entre outras, en materia de promoción da cultura, da actividade turística de interese e ámbito local e ocupación do tempo libre.

II.- A Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais do Concello de Vigo ten entre os seus principais obxectivos, a través do servizo de Festas Especiais, a programación de festas tradicionais e acontecementos que supoñan manifestacións de valores culturais, históricos e sociais e de tradición popular, con especial consideración das súas características etnolóxicas. Estes eventos revisten unha especial importancia como elementos socializadores e de atractivo turístico, fomentando a dinamización do comercio local e contribuindo ao movemento económico e a difusión da marca de cidade de Vigo.

III.- A Festividade de Nadal do municipio de Vigo é dos eventos máis importantes xerador de atractivo turístico-comercial do ano en Vigo e de recoñecida tradición na cidade. A di-

namización e ambientación das zonas comerciais da cidade nestas datas constitúen elementos clave que contribúen ao impulso da economía, xerando un atractivo que potencia indubidablemente o sector turístico e de ocio. Durante os últimos anos, o Nadal olívico estase a consolidar como unha festa de recoñecido prestixio nacional e internacional. A aposta do goberno local pola Campaña de Nadal e o seu posterior impacto nos medios de comunicación converteuse nun factor de atracción de visitantes inédito, incrementándose ano a ano o número de viaxeiros, como se pode constatar nos diferentes rexistros dos organismos oficiais. A creación dun espazo temático propio con iluminación, ornamentación, exposicións e actividades de ocio e comercialización constitúe un pilar fundamental do Nadal olívico, baseado na mestura de tradición, socialización e reactivación da economía local, que estende o seu impacto á área metropolitana da cidade e norte de Portugal.

IV.- O Plan de Autoprotección para Campaña do Nadal 2023-2024, redactado pola empresa Preventecnia, prevé a intervención de persoal voluntario para facilitar o desenvolvemento deste. En anteriores edicións, o Departamento de Comercio estableceu unha colaboración co servizo de Protección Civil, pero este ano, por unha serie de cuestións organizativas, non é posible que nin os voluntarios de Protección Civil nin os da Oficina Municipal do Voluntariado cubran, co persoal dispoñible pola súa parte, a totalidade dos efectivos precisos para os eventos programados; polo que cómpre contactar con outra asociación con competencias similares, como é a Asociación VODEA.

V.-Que a Asociación VODEA rexistrada desde o 26 de novembro de 2018 no rexistro municipal de asociacións do Concello de Vigo (1349-18), non rexistro xeral da Xunta de Galicia (2018/022558) e rexistro de acción voluntaria da Xunta de Galicia (Ou-878) expediente B6505A 2019/20-5) ten entre os seus fins, colaborar coas administracións públicas e privadas no ámbito das súas respectivas competencias para promover a participación dos cidadáns en actividades formativas, preventivas, divulgativas e participativas en materia de seguridade, prevención e defensa do medio ambiente coa finalidade de contribuír a protexer a vida das persoas, os bens e a nosa contorna natural e subscribir acordos de colaboración e participación con calquera entidade privada, Concellos, Deputacións, Comunidades ou calquera dos seus órganos administrativos, para o desenvolvemento de actividades de vixilancia, de seguridade e para a relación de toda clase de eventos ou actividades nas que a asociación, a través dos seus voluntarios e empregando os seus medios ou os de terceiros, poidan prestar os servizos que se lle asignen.

VI.- Que, con este motivo o Concello e Asociación teñen interese en colaborar conxuntamente nos eventos relacionados coa Campaña do Nadal 2023-2024 e co fin de determinar o contido desta colaboración, ambas partes, de común acordo, declaran a súa vontade de subscribir o presente convenio conforme o artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, de acordo cos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de cooperación e colaboración nos eventos relacionados coa Campaña do Nadal 2023-2024 entre o Concello



Concello de Vigo

e a Asociación VODEA mediante a organización con persoal voluntario da asociación de dispositivos operativos de carácter preventivo segundo o establecido no Plan de Autoprotección para “equipos de voluntarios”

Segundo.- OBRIGAS E COMPROMISOS ECONÓMICOS

O Asociación VODEA comprométese

1. A colaborar nos distintos eventos relacionados coa Campaña do Nadal 2023-2024, en función das necesidades do centro xestor, que a continuación se relacionan, mediante un equipo de voluntarios con coñecementos e formación en atención sanitaria e xestión de masas e un coordinador, realizando as tarefas que determina o Plan de Autoprotección:
 - **Acto de acendido**, previsto para o vindeiro 24 de novembro de 2023, suxeito a posible modificación, que será comunicada coa antelación suficiente para a efectiva organización dos voluntarios. Para o acto de acendido prevese una necesidade de **51 voluntarios**.
 - **Acto de clausura** (nunha data por determinar no mes de xaneiro), suxeito a posible modificación, que serán comunicada coa antelación suficiente para a efectiva organización dos voluntarios.
 - **Resto dos días (alta afluencia) nos que se desenvolverá a Campaña do Nadal**. Precisarase un **mínimo de 12 voluntarios**.
2. A achegar unha proposta de organización do servizo que será supervisada polo coordinador do Plan de Autoprotección
3. Os voluntarios irán debidamente identificados para ser recoñecidos fácilmente, mediante a uniformidade, chalecos de alta visibilidade..., cuxo deseño será conformado polo centro xestor.
4. Os membros do equipo comunicarán ao coordinador do equipo calquera emerxencia ou situación anómala que podan observar na súa zona: emerxencia médica, incendio, ameaza de bomba, nenos perdidos, comportamentos antisociais...
5. Queda prohibido o consumo de bebidas alcohólicas por parte dos voluntarios de protección que estean de servizo, e polo tanto cargar na conta das dietas o consumo de calquera elemento etílico, independentemente das consecuencias disciplinarias as que poda dar a lugar esta situación

O Concello de Vigo comprométese a

1. Efectuar unha achega económica **ata un máximo de 14.950 euros** con cargo a partida orzamentaria 4310 2279901 para afrontar os gasto concretos derivados de cada actuación en concepto de (dieta...)

A os efectos do presente convenio determínase como dieta a percibir por día de servizo e voluntario un importe de máximo de **36 euros**. A xornada máxima diaria do voluntario terá o seguinte horario:

De 17:30 h a 22:00 h.

Os servizos demandaranse en función das necesidades deste centro xestor de Comercio.

O día do acto de acendido prevese una necesidade de **51 voluntarios**. **Nos restantes días de alta afluencia incluídos** no período de desenvolvemento da Campaña do Nadal establécese un mínimo de **12 efectivos**.

2. Aos efectos de cobro de dietas, deberá achegarse por parte da Asociación un informe xustificando o detalle dos gastos ocasionados, asinado polo coordinador do servizo e conformado polo presidente da asociación o cal será supervisado polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio. Achegaranse igualmente ao servizo xestor, os partes diarios de asistencia de cada un dos voluntarios que participen en cada un dos operativos .
3. Colaborar en caso de risco ou emerxencia co servizo de Policía Local ou servizo de extinción de incendios.
4. Facilitar o desenvolvemento do Plan de Autoprotección.

TERCEIRO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.-

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, un dos cales terá carácter técnico. Así mesmo, formará parte da mesma o técnico redactor do Plan de Autoprotección.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións e asistirá as reunións con voz e sen voto.

CUARTO.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio de colaboración terá un prazo de vixencia dende a data da súa sinatura e ata 31 de xaneiro de 2024.

QUINTO.- RESOLUCIÓN

O Convenio poderá resolverse en virtude das seguintes causas:

1. Pola finalización do período estipulado para a súa vixencia.
2. Por mutuo acordo das partes.
3. Polo incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.



Concello de Vigo

4. Por denuncia dalgunha delas, que deberá ser comunicada cun preaviso de tres meses.

No suposto de extinción do Convenio, as accións específicas concertadas ao abeiro da mesma seguiranse desenvolvendo na forma, condicións e prazos previstos ata o seu total cumprimento.

SEXTO. - XURISDICCION COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa. Será competencia exclusiva dos órganos do orde xurisdiccional contencioso-administrativo a resolución das controversias e litixios a que dera lugar o cumprimento do presente convenio.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

3(966).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E VIXILANCIA DOS COLEXIOS E ESCOLAS PÚBLICAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 62788/332.

Visto o informe xurídico do 23/11/2023, o informe de fiscalización do 24/11/2023, e o informe-proposta de data 22/11/2023, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 10 de outubro de 2023, o concelleiro da Área de Goberno de Educación resolveu autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación do expediente administrativo para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e vixilancia en Colexios e Escolas Públicas do Concello de Vigo.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinada pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de Educación, de data 10/10/2023.
- Resolución da concelleira da Área de Goberno de Educación de data 10/10/2023 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación, pola concelleira da Área de Goberno de Educación e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, asinada o 19/10/2023.
- Documento contable RCFUT 202300186552, por importe de 1.923.739,60 euros, de data 20/10/2023.
- Prego de prescricións técnicas (PPT), de data 23/10/2023, redactados pola xefa do Servizo de Educación.
- Declaración da redactora do PPT, de data 23/10/2023.
- Solicitud de publicación de anuncio de información previa no Diario Oficial da Unión Europea de data 13/11/2023.

- Memoria xustificativa, asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Educación o 21/11/2023.
- Informe de data 22/11/2023 do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 22/11/2023, redactado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: A prestación dun servizo de mantemento, conservación e vixilancia das instalacións escolares, edificios e os seus recintos educativos (patios, pistas deportivas, zonas de recreo, zonas axardinadas e peches) para que estean nun adecuado estado de conservación e funcionamento.

Duración: A duración do contrato será de dous anos; existindo a posibilidade de tres prórrogas dun ano de duración cada unha.

Prezo: Estímase un prezo para a primeira anualidade do contrato de 948.000,16 euros (783.471,21 €, máis 164.528,95 € de IVE) e para a segunda anualidade de 975.739,44 euros (806.396,23 € máis 169.343,21 € de IVE), polo que o prezo total do contrato é de 1.923.739,60 euros (1.589.867,44 € máis 333.872,16 € de IVE a soportar pola administración).

Aplicación orzamentaria: 3230.227.9917 “Apertura e peche de Colexios Primaria”.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público. A resolución segundo o artigo 117 da Lei 9/2017 deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de mantemento, conservación e vixilancia dos Colexios e Escolas Públicas do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 23/10/2023, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 22/11/2023 redactado pola Área de Contratación e Novos Proxectos, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e vixilancia dos Colexios e Escolas Públicas do Concello de Vigo.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 1.923.739,60 euros (1.589.867,44 € máis 333.872,16 € de IVE a soportar pola administración) para a contratación dos servizos de mantemento,



Concello de Vigo

conservación e vixilancia dos Colexios e Escolas Públicas do Concello de Vigo por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9917 "Apertura e peche de Colexios Primaria", que se desglosará nas seguintes anualidades:

- Anualidade 2024: 948.000,16 euros;
- Anualidade 2025: 975.739,44 euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en 4.327.029,61 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez